

Fundación Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO)

BASES

Bases polas que se regula a convocatoria para a selección do candidato/a para a cobertura do posto de director/a da Fundación Museo de Arte Contemporanea de Vigo (MARCO)

1. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura do posto de director/a do MARCO.

2. Retribución, incompatibilidades e prazo.

2.1. Retribucións. A retribución bruta anual ascenderá á cantidade de 52.131,14 €.

2.2. Incompatibilidades. A Dirección do MARCO someterase ao sistema de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, Lei 53/1984, de 26 de decembro.

2.3. Prazo. O nomeamento realizarase para un período de cinco anos sen prexuízo da súa prórroga por período de tres anos sucesivos mediante acordo do Padroado. No caso de prórroga, o director/a presentará un *Proxecto* museístico renovado para o período de prórroga.

2.4. O posto require plena dispoñibilidade e dedicación, non obstante o Padroado da Fundación, mediante acordo expreso, poderalle autorizar comisariados de exposicións.

3. Funcións da Dirección do MARCO.

Os fins da Fundación MARCO son os indicados no artigo 4.2 dos Estatutos; son funcións do director/a as sinaladas no artigo 21 dos Estatutos da Fundación. Os Estatutos constan publicados na páxina web da Fundación www.marcovigo.com.

4. Requisitos.

Os/as aspirantes reunirán os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade, ter nacionalidade española ou dalgún dos Estado da UE. No caso de nacionais de países non membros da UE o nomeamento quedará condicionado á obtención de residencia legal en España.
- b) Estar en posesión dunha titulación universitaria co nivel de licenciatura, grao, estudos superiores de ensinos artísticos ou titulación equivalente.
- c) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin inhabilitado para o desempeño de funcións públicas mediante sentenza firme.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións. Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior o 33% achegarán o ditame técnico facultativo emitido polo Órgano Técnico de Valoración que determinou o grado de minusvalía.
- e) Acreditar unha experiencia, nos últimos vinte anos, de polo menos tres anos na dirección e xestión de museos ou centros de arte moderna e/ou contemporánea.

5. Méritos.

- a) Experiencia. Acreditar experiencia na dirección e xestión de museos ou centros de arte moderna e/ou contemporánea, ou no comisariado de exposicións de arte moderna e/ou contemporánea.
- b) Publicacións. Publicacións no ámbito da museoloxía e na difusión da arte moderna e/ou contemporánea.
- c) Experiencia docente. Acreditar experiencia docente universitaria, especialmente desempeñada en facultades de Belas Artes ou Xeografía e Historia.
- d) Doutoramento. Ter o título de doutor no campo da historia da arte, a estética, a museoloxía, as belas artes, a arquitectura, a restauración ou a comunicación audiovisual.
- e) Mestrados. Mestrados ou estudos de posgrao no campo da historia da arte, a estética, a museoloxía, as belas artes, a arquitectura, a restauración ou a comunicación audiovisual. Impartir conferencias e cursos en mestrados ou estudos de posgrao.

f) Premios e recoñecementos oficiais/institucionais polo seu labor de coñecemento e defensa da arte contemporánea.

Os méritos acreditaranse mediante documento orixinal ou copia compulsada.

6. Proxecto.

Cada candidato presentará un *Proxecto* que conterá un "Plan de Actuación" referido ao MARCO para un período de cinco anos, no que se definirán os fins, liñas de actuación, programas e obxectivos que se propoña conseguir ou desenvolver, considerando a promoción e posta en valor da arte contemporánea galega, española e internacional e da colección escultórica e pictórica moderna e contemporánea propiedade do Concello de Vigo, todo isto no contexto da concepción integral da rede museística do Concello de Vigo.

O documento presentarse en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia; terá unha extensión máxima de 30 páxinas incluídas portada e índice (entreliñado sinxelo, letra Arial a 12 puntos e marxes mínimos de 1 cm superior, inferior, esquerdo e dereito.). O *Proxecto* que exceda o número de páxinas sinalado será rexeitado e non será obxecto de valoración.

Para a elaboración do *Proxecto* tomaranse como referencia, con carácter orientativo, as asignacións orzamentarias que constan no orzamento da Fundación MARCO.

O *Proxecto* poderá tamén presentarse de forma alternativa en soporte informático, en CD ou DVD non regravable, por duplicado, en formato PDF non editable, asinado electronicamente.

7. Presentación de solicitudes.

O escrito de solicitude de participación na selección presentaranse na sede da Fundación r/Príncipe nº 54, 36202 Vigo ou nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación de anuncio co extracto destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

No escrito de solicitude indícarase: nome, apelidos, nº de D.N.I., domicilio, teléfono de contacto, e enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións; dirixirse á Presidencia da Fundación e acompañarse da seguinte documentación:

1. Anexo 1. Fotocopia do D.N.I.
2. Anexo 2. Declaración xurada ou responsable do/a aspirante na que se manifeste reunir os requisitos esixidos na Base 4, apartados a), b), c) e d) ou que está en disposición de obtelos no prazo de presentación de solicitudes.
3. Anexo 3. Documentación acreditativa da experiencia esixida na Base 4, apdo. e)
4. Anexo 4. Documentación acreditativa dos méritos sinalados na Base 5.
5. Anexo 5. O *Proxecto* sinalado na Base 6.

8. Admisión de solicitudes.

Concluído o prazo de presentación de a Presidencia da Comisión aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos indicando a causa de exclusión. Os excluídos serán notificados individualmente, mediante correo electrónico, ao obxecto de que no prazo de tres días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, presenten as subsanacións que correspondan. Concluído o prazo ditarase Resolución aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos; tal Resolución implicará a desestimación das subsanacións formuladas polos aspirantes excluídos.

O feito de ser admitido non presupón o cumprimento dos requisitos para participar nesta convocatoria que se acreditarán documentalmente como se indica na Base 11.

9. Comisión Técnica de Valoración.

O órgano de selección será unha Comisión Técnica de Valoración nomeada por Resolución da Presidencia da Fundación na que baixo a Presidencia do concelleiro delegado de Cultura do Concello de Vigo integraranse dúas persoas propostas polo Concello de Vigo; unha persoa proposta polo Ministerio de Cultura da Administración do Estado e outra máis proposta pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia; as persoas mencionadas ostentarán, preferentemente, coñecementos acreditados en materia museística, e na xestión da arte e da cultura. O secretario da Comisión será o da Fundación MARCO. A Comisión, no seu funcionamento e actuación, axustarase ao funcionamento e actuación dos órganos colexiados das Administracións.

A Comisión de Valoración poderá recadar o apoio e incorporación, para os seus traballos, de asesores especialistas cando así o acordara. Ditos asesores colaborarán coa Comisión no exercicio das súas especialidades técnicas; terán voz, pero non voto.

10. Procedemento selectivo.

10.1. Valoración de méritos. A Comisión de Valoración analizará e puntuará os méritos alegados e acreditados indicados na Base 5 segundo os seguintes criterios:

a) Experiencia. Por acreditar a experiencia prevista na Base 5.a), [experiencia na dirección e xestión de museos ou centros de arte moderna e/ou contemporánea, ou no comisariado de exposicións de arte moderna e/ou contemporánea]: *2,0 puntos* por ano, en caso de dirección e xestión de museos, a partires do terceiro ano ata o oitavo ano; a partires do noveno ano outorgarase *1,0 puntos* por cada ano. As fraccións de anos (meses) puntuaranse por mes completo de xeito proporcional.

A puntuación no comisariado de exposicións realizarase discrecional e motivadamente pola Comisión en función da relevancia e importancia do comisariado.

A puntuación máxima a alcanzar polo mérito "Experiencia" é de *14 puntos*.

b) Publicacións. Por publicacións no ámbito da museoloxía e na difusión da arte moderna ou contemporánea: *0,5 puntos* por cada publicación que determine a Comisión. Non serán valoradas as publicacións que, obrigadas a consignar o ISBN en virtude do Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan de tal identificación nin aquelas que non garden relación directa coa museoloxía ou difusión da arte moderna ou contemporánea. A puntuación máxima será de *9 puntos*.

No caso de documentos en formato electrónico, para ser valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique a base de datos bibliográfica na que aparece a publicación. Neste documento indicaranse, ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/a, data da publicación e o depósito legal.

c) Experiencia docente universitaria. *1,0 puntos* por curso académico, ata un máximo de *5 puntos*.

d) Doutoramento. Por ter o título de doutor no campo da historia da arte, a estética, a museoloxía, as belas artes, a arquitectura, a restauración ou a comunicación audiovisual: *5 puntos*.

e) Mestrados e cursos de posgrao. Pola realización mestrados ou cursos de posgrao oficiais no campo da historia da arte, a estética, a museoloxía, as belas artes, a arquitectura, restauración ou comunicación audiovisual: *0,5 puntos* en caso de mestrados de ata 90 créditos ECTS ou cursos de posgrao; *1,0 puntos* en caso de mestrados de máis de 90 créditos ECTS.

A Comisión pode valorar, discrecional e motivadamente, conferencias, cursos e actividades impartidas, que teñan relación cos mestrados ou estudos de posgrao.

A puntuación por mestrados ou cursos de posgrao oficiais terá un máximo de 2 *puntos*.

Entenderase como mestrados oficiais aqueles acreditados pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA) ou polos órganos de avaliación determinados polas Leis das Comunidades Autónomas que sexan membros da Asociación Europea para o Aseguramento da Calidade da Educación Superior (*European Association for Quality Assurance in Higher Education, ENQA*) e que estean inscritas no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR).

f) Premios e recoñecementos oficiais/institucionais polo seu labor de coñecemento e defensa da arte contemporánea. A puntuación máxima será de 5 *puntos*.

10.2 Valoración do *Proxecto*. Valorarase o “Plan de Actuación” contido no *Proxecto* segundo os seguintes criterios:

a) Pertinencia. Entendida como a adecuación dos obxectivos do Plan á estratexia, prioridades e traxectoria do MARCO.

b) Viabilidade e eficacia. Entendida como unha adecuada identificación e tratamento das condicións económicas, materiais, técnicas e humanas precisas para conseguir os obxectivos que se propoñen no Plan así como a relación existente entre os obxectivos e os recursos que se estiman para conseguilos.

c) Coñecemento. Coñecemento do contexto económico, social, institucional e cultural do Concello de Vigo e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A puntuación máxima polo *Proxecto* será de 50 *puntos*.

A puntuación alcanzada nestas fases notificarase individualmente aos aspirantes mediante correo electrónico concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións; resultas as alegacións realizarase nova notificación entendéndose desestimadas as daqueles aspirantes que non experimenten variación.

10.3. Entrevista.

Os/as candidatos/as que consigan un mínimo de 65 *puntos* nas fases anteriores serán convocados a unha entrevista sobre a experiencia profesional do/a aspirante e sobre a exposición e defensa do seu *Proxecto* na que a Comisión formulará as preguntas que considere relacionadas co tal proxecto, co posto de traballo e coas competencias profesionais que require o posto de Dirección. Terá unha valoración máxima de 10 *puntos*.

O chamamento para a entrevista realizarase mediante correo electrónico.

11. Cualificación, proposta do candidato seleccionado e nomeamento.

A cualificación final determinarase pola suma das puntuacións, o empate dirimirase a favor do candidato de maior puntuación nas seguintes fases: *Proxecto*, méritos e entrevista.

A Comisión elaborará unha proposta de nomeamento ao Padroado, que incluírá o/a candidato/a seleccionado/a que coincidirá coa persoa que teña obtido a mellor valoración no proceso de selección e outro/a máis para garantir o nomeamento no caso de que a persoa seleccionada non reúna os requisitos esixidos na convocatoria. Notificado o nomeamento o/a seleccionado/a acreditará os requisitos sinalados na Base 4 no prazo de cinco días hábiles desde a notificación. Para estes efectos presentará orixinal ou ben copia compulsada.

12. Toma de posesión e vínculo laboral.

O prazo de toma de posesión será de cinco días hábiles se non implica cambio de residencia ou de dez días se comporta cambio. O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao de notificación do nomeamento.

O vínculo formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección ao abeiro do previsto no Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

13. Ampliación de información.

As persoas interesadas poden obter máis información da Fundación MARCO accedendo á súa web: (<http://www.marcovigo.com>). Así mesmo, os aspirantes poderán solicitar información sobre as coleccións escultóricas e pictóricas municipais de arte moderna e contemporánea ou sobre a organización e o funcionamento da Fundación dirixíndose ao enderezo de correo electrónico martino.nogueira@marcovigo.com.

14. Confidencialidade.

A Fundación MARCO de Vigo garante a confidencialidade no referente á participación das persoas candidatas neste proceso de selección, así como no referente a calquera dos datos persoais e profesionais e asegura que a participación das persoas non seleccionadas quedará no ámbito estrito da Comisión de Valoración, de modo que tan só se fará público o nome da persoa seleccionada.

Vigo, 8 de outubro de 2018

Votación e acordo. Cos votos favorables da unanimidade dos membros presentes, nos que se inclúen os votos por delegación da Presidencia e da vogal representante do Ministerio de Cultura, o Padroado acorda a aprobación das Bases transcritas.